

ANEXO II

Baremos económicos
Intercambios lingüísticos

| Distancia en km | Países | Importe máximo por alumno | Importe máximo por profesor |
|---------------------|--|---------------------------|-----------------------------|
| Ata 1.000 km | Portugal | 140 euros | 400 euros |
| De 1.000 a 3.000 km | Francia, Marrrocos | 250 euros | 435 euros |
| De 3.000 a 6.000 km | Italia, Reino Unido, Alemaña, Bélxica, Luxemburgo, Holanda, e países de ámbito similar | 325 euros | 505 euros |
| De 3.000 a 6.000 km | Dinamarca, Irlanda, Hungría, Austria, R. Checa, Eslovaquia, Eslovenia. | 380 euros | 560 euros |
| De 6.000 a 8.000 km | Grecia, Romanía, Suecia, Finlandia, Noruega, Estonia, Letonia, Lituania, Malta, Chipre | 400 euros | 580 euros |
| Más de 10.000 km | EEUU, Canadá | 470 euros | 650 euros |

Intercambio de profesores

| Distancia en km | Países | Importe máximo |
|------------------|--|----------------|
| Menos de 500 | Portugal | 550 euros |
| De 500 a 3000 | Francia | 775 euros |
| De 3000 a 6000 | Italia, Reino Unido, Alemaña, Bélxica, Luxemburgo, Holanda, e países de ámbito similar | 925 euros |
| | Dinamarca, R. Checa, Irlanda, Hungría | 975 euros |
| De 6.000 a 8.000 | Suecia, Finlandia, Noruega, Estonia, Letonia, Lituania | 1.075 euros |
| | Grecia, Europa Oriental, Romanía, Malta, Chipre | 1.025 euros |
| Máis de 8.000 | USA, Canadá, etc. | 1.375 euros |

Visitas preparatorias/visitas de estudo

| Países | Importe máximo |
|--|----------------|
| Portugal | 450 euros |
| Francia | 750 euros |
| Reino Unido, Italia, Alemaña, Bélxica, Luxemburgo, Holanda e países de ámbito similar. | 900 euros |
| Dinamarca, R. Checa, Irlanda, Hungría, Austria, Eslovaquia, Eslovenia e países de ámbito similar | 950 euros |
| Suecia, Noruega, Finlandia, Grecia, Romanía, Malta | 1050 euros |
| Outros países | 1.350 euros |

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 15 de novembro de 2005 pola que se aproba o deslindamento do monte veciñal en man común Chandebrito, pertencente á comunidade do mesmo nome do concello de Nigrán (Pontevedra).

Advertidos erros na Orde do 15 de novembro de 2005, publicada no DOG número 231, do xoves 1 de decembro, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 19.127 na segunda columna liña cinco, onde di: «Situados:», debe dicir: «Encravados:». Na mesma columna na liña 10 onde di: «situado 3», debe dicir: «encravado 3».

Na mesma páxina e columna no primeiro parágrafo, onde di: «5, 6, 7, 10 e 15», debe dicir: «5, 6, 7, 10' e 15».

Na mesma páxina e columna no terceiro parágrafo onde di: «delimitan o situado Tomada», debe dicir: «delimitan o encravado Tomada».

Na mesma páxina e columna no quinto parágrafo, onde di: «86 delimitan o situado Devesa», debe dicir: «86 delimitan o encravado Devesa».

Na páxina 19.128 na primeira columna segundo parágrafo, onde di: «126 delimitan o situado 3»; debe dicir: «126 delimitan o encravado 3».

Na mesma páxina e columna no quinto parágrafo, onde di: «deste piquete ata o 1 se segue unha dirección», debe dicir: «deste piquete ata o 1, pasando polo piquete 206 que é o derradeiro desta parcela, se segue unha dirección».

Na mesma páxina e na segunda columna no segundo parágrafo, onde di: «280 delimitan o situado Cova», debe dicir: «280 delimitan o encravado Cova».

Na mesma páxina e columna e no parágrafo seguinte, onde di: «Ziola Otero», debe dicir: «Zoila Otero».

Na páxina 19.129 e na primeira columna na liña terceira, onde di: «370 tirando do oeste ao sur», debe dicir: «370 xirando do oeste ao sur».

Na mesma páxina e columna e na liña sexta, onde di: «374 seguindo a mesma dirección e cos mesmos lindantes», debe dicir: «374 seguindo a mesma dirección e con lindantes descoñecidos».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 23 de decembro de 2005 pola que se regula o contido básico dos estudos de minimización da produción de residuos non perigosos que deben presentar os produtores autorizados de residuos.

O artigo 20, punto 2.b, do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, establece a obrigatoriedade para os produtores de residuos que xeren unha cantidade igual ou superior a 1.000 toneladas ao ano de residuos non perigosos de presentaren un estudo de minimización deses residuos.

Mediante estes estudos as empresas terán que comprometerse a reducir a súa produción de residuos non perigosos, ao tempo que constituirán a base documental sobre a que realizar o control sobre a redución efectiva dos residuos xerados.

O concepto de residuo non perigoso aparece definido no artigo 3 do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, considerándose aqueles residuos que se xeran no proceso de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento dunha instalación

ou actividade industrial, sanitaria ou gandeira, e non teñen a consideración de residuos perigosos, urbanos ou municipais; por produtor entenderase calquera persoa física ou xurídica cando a súa actividade, excluída a derivada do consumo doméstico, produza residuos ou efectúe operacións de tratamento previo, de mestura, ou doutro tipo que ocasionen un cambio de natureza ou de composición de residuos. Terá tamén a consideración de produtor o importador de residuos ou adquirente en calquera estado membro da Unión Europea.

Polo tanto, no uso das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro, de acordo coas competencias atribuídas a esta Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no Decreto 106/2004, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto regular o contido do estudo de minimización que os produtores que xeren

unha cantidade igual ou superior a 1.000 toneladas ao ano de residuos non perigosos están obrigados a elaborar, segundo o establecido no artigo 20, apartado 2.b, do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

Artigo 2º.-Contido do estudo.

O contido do dito estudo axustarase ao establecido no anexo desta orde e presentarse na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no prazo de un ano a partir da entrada en vigor da presente orde, e posteriormente cunha periodicidade de catro anos.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2005.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e
Desenvolvemento Sostible

ANEXO

Contido do estudo de minimización

- Datos da empresa.
- Número de inscrición como produtor de residuos non perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Situación actual.
- Procesos produtivos xeradores de residuos non perigosos.

| Proceso (descrición) | Residuos non perigosos xerados (1) | |
|----------------------|------------------------------------|------------|
| | Código LER | Descrición |
| | | |
| | | |

| Ano | Residuo non perigoso producido (cantidade anual) | Cantidad de produto ou servizo final do proceso asociado á fabricación do residuo (cantidade anual) (1) | Ratío de xeración do residuo respecto das unidades de produción (2) |
|-----|--|---|---|
| | | | |
| | | | |

- Reflicíranse os residuos non perigosos producidos en cada proceso. Situación nos tres anos precedentes á presentación do estudo de minimización.
- Consignarase a produción total do produto ou servizo final no que se xera o residuo non perigoso anterior.
- Consignarase o cociente entre a cantidade do residuo non perigoso producido e a cantidade de produto ou servizo final nas unidades correspondentes (p. ex. kg residuo/m de produto, kg residuo/kWh xerado, kg residuo/unidades de produción, kg residuo/m³ de clientes atendidos, etc.).

Cubrírase unha ficha para cada residuo xerado. No caso de producirse o mesmo residuo en dous procesos distintos da mesma unidade fabril, realizaranse fichas independentes para cada proceso.

| Proceso (descrición) | Medidas de minimización (1) |
|----------------------|-----------------------------|
| | |
| | |

- Reflicíranse as medidas de minimización previstas en cada un dos procesos, que necesariamente se describirán co suficiente detalle xuntándolle os estudos e documentación xustificativos que sexan necesarios. Tales medidas poderán ser da seguinte natureza:

- Medidas de aforro de materias primas.
- Medidas de substitución de materias primas.
- Medidas de eficiencia enerxética.
- Aforro doutros consumos.
- Cambios tecnolóxicos no proceso; adopción de tecnoloxías limpas, etc.
- Cambios organizativos no proceso ou na empresa.
- Meilloras no control e a supervisión internos.
- Reutilización de residuos no propio proceso.
- Reciclaixe in situ de residuos.
- Outras formas de recuperación in situ.
- Cambio do destino externo dos residuos, de operacións de eliminación a operacións de valorización.
- Outras medidas.

| Ano | Residuo non perigoso producido (cantidade anual estimada) (1) | Cantidad de produto ou servizo final do proceso asociado á fabricación do residuo (cantidade anual estimada) (2) | Ratío estimada de xeración do residuo respecto das unidades de produción (3) | Porcentaxe de redución respecto ás ratios do presente ano |
|-----|---|--|--|---|
| | | | | |
| | | | | |

- Dato que hai que estimar a partir da situación actual e as medidas de minimización que se van adoptar.
 - Dato que hai que estimar en función das previsións da empresa.
 - Consignarase o cociente estimado entre a cantidade do residuo non perigoso producido e a cantidade de produto ou servizo final nas unidades correspondentes (p. ex. kg residuo/m de produto, kg residuo/kWh xerado, kg residuo/unidades de produción, kg residuo/m³ de clientes atendidos, etc.).
- Cubrírase unha ficha para cada residuo xerado. En caso de producirse o mesmo residuo en dous procesos distintos da mesma unidade fabril, realizaranse fichas independentes para cada proceso.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 30 de novembro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de mármore e pedras.

Visto o texto do convenio colectivo do sector de mármore e pedras, con nº de código 3600965, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 7-11-2005, subscrito en representación da parte económica pola *Asociación Provincial de Materiales para la Construcción* (Sección de Mármoles y Piedras) e a *Asociación Galega de Graniteiros*, e da parte social, polas centrais sindicais UGT e CIG, en data 19-10-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 30 de novembro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo provincial do sector de mármore e pedras de Pontevedra. 2005-2006

Artigo 1º.-Partes signatarias.

Son partes signatarias deste convenio, dunha parte as centrais sindicais UGT e CIG, como representación social, e doutra parte a *Asociación Provincial de Materiales para la Construcción* (Sección de Mármoles e Pedras) e a *Asociación Gallega de Graniteiros*, en representación empresarial.

Ambas as dúas recoñécense mutuamente lexitimación para negociar este convenio.

Artigo 2º.-Eficacia e alcance obrigacional.

Dada a natureza normativa e eficacia xeral, que lle vén dada polo disposto no artigo 32 do Estatuto dos traballadores e pola representatividade das organizacións asinantes, este convenio obrigará a todo

o persoal que prestando os seus servizos nos centros de traballo establecidos ou que se establezan na provincia de Pontevedra, estea contratado polas empresas comprendidas dentro dos seus ámbitos funcional, persoal e territorial.

Artigo 3º.-Ámbito funcional.

Este convenio colectivo será de aplicación a todo o persoal que prestando os seus servizos nos centros de traballo establecidos ou que se establezan na provincia de Pontevedra, estea contratado polas empresas que se dediquen ás actividades de pedra e mármore, incluíndo as fábricas e talleres de serra e labra, tanto mecánica como manual, de acordo co estipulado no anexo II do convenio xeral da construción, letra a).

Artigo 4º.-Vixencia.

O presente convenio colectivo terá unha vixencia de dous anos, entrando en vigor o 1 de xaneiro do 2005 e rematando o 31 de decembro de 2006. Para evitar o baleiro normativo que noutro caso se produciría unha vez rematada a súa vixencia inicial, ou a de calquera das súas prórrogas, continuará rexendo na súa totalidade, tanto no seu contido normativo como no obrigacional, ata que sexa substituído por outro.

Artigo 5º.-Procedemento de denuncia.

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 85.2º d) do Estatuto dos traballadores, as partes signatarias fan constar expresamente que este convenio non precisa denuncia previa para iniciar a negociación do convenio que o substitúa.

Artigo 6º.-Condicións máis beneficiosas.

Todas as melloras contidas neste convenio establécense co carácter de mínimas. Os pactos ou situacións existentes en calquera empresa que impliquen condicións máis beneficiosas respecto das pactadas serán respectados.

As condicións máis beneficiosas que, con carácter colectivo, estean recoñecidas en convenios colectivos de ámbito inferior e anteriores ao convenio xeral da construción manteranse ata o vencemento dos ditos convenios. Unha vez producido este vencemento, as materias negociadas neste convenio xeral rexeranse polo disposto nel, apreciando no seu conxunto e sendo posterior, considérase norma máis favorable polas representacións asinantes.

Artigo 7º.-Comisión paritaria.

Establécese unha comisión paritaria con facultades para interpretar o contido do convenio, que estará composta por tres vogais titulares e un suplente por cada unha das representacións que asinasen este convenio. Unha e outra poderán dotarse de asesores.

Artigo 8º.-Probas de aptitude.

1. As empresas, con anterioridade ao ingreso, poderán realizarlles aos interesados as probas de selección, prácticas e psicotécnicas que consideren necesarias para comprobar se o seu grao de aptitude e a súa preparación son as adecuadas á categoría profesional e posto de traballo que vaian desempeñar.